



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**11.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 1466/1102.**

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 11, 14, 16 e 17 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo (DOG n.º 246, do 27/12/2012), esta Alcaldía Presidencia, tralas consultas cos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo aos seguintes concelleiros/as:

Polo Grupo municipal socialista:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. Carlos López Font

Suplente: Dna. Elena Espinosa Mangana

Suplente: Dna Nuria Rodríguez Rodríguez

Polo Grupo municipal do Partido Popular:

Dna. Marta Fernández-Tapias Nuñez

Suplente: Dna Luisa María Sáñez Méndez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/07/2023 12:50	Páxina 1 de 3
1466-1102	CSV: AHAB2A-E3DFDF-2DBD5E-8BQ2E6-M3NQ32-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Comunicar, así mesmo, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a competencia en materia de Urbanismo no ámbito do Casco Vello de Vigo correspóndelle á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Caride Estévez, por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019. Suplente D<sup>a</sup> Ana Mejías Sacaluga.

**Segundo.-** Nomear representante do Concello de Vigo no Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello á concelleira:

D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Caride Estévez

*Suplente: D. Carlos López Font*

**Terceiro.-** Designar Vicepresidente do Consorcio Casco Vello de Vigo ao Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

**Cuarto.-** Comunicar este acordo ao Consorcio Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

**Quinto.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Sexto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/07/2023 12:50	Páxina 2 de 3
1466-1102	CSV: AHAB2A-E3DFDF-2DBD5E-8BQ2E6-M3NQ32-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/07/2023 12:50	Páxina 3 de 3
1466-1102	CSV: AHAB2A-E3DFDF-2DBD5E-8BQ2E6-M3NQ32-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		